

Capela de Santa Ana

Aínda que o patrón desta capela é San Sebastián, a xente da zona denomínaa coloquialmente como de Santa Ana. Está no barrio de Marzán, en Sandián. A súa data de construción é do século XVI, polos documentos da Cofradía, pero a configuración actual débese ás reformas sufridas na intervención realizada no ano 1953 na que se fixeron acabados pintados nos muros de pedra e modificouse a altura do pórtico. É unha capela dunha soa nave de planta rectangular cun pórtico adosado na entrada. Ten unha pequena espadana sen campá. Esta foi retirada para a igrexa parroquial polo párroco Ricardo Leiros, xa que non tiña máis uso que o de servir de diana para probar a puntería dos rapaces. Conserva un retablo barroco do século XVII, recentemente restaurado. Destaca o seu imponente retablo así como as ventás, situadas a baixa altura e co seu enreixado orixinal.

Capela de San Gregorio

O estado actual desta capela ten moito que ver coa súa última restauración en 1994, cando se amplía. A fachada que observamos sería realizada en 1925, pero esta capela existe dende 1528, cando segundo a documentación a visita o bispo Diego de Avellaneda. En 1754, os documentos indican que pertencía ao mosteiro de Oia, pero cando esta institución deixa de existir, a capela é agregada á parroquia de San Miguel de Tabagón.

Igrexa de San Miguel de Tabagón

Antigamente, a parroquia estaba dividida en dúas aldeas, San Miguel e Tabagón. San Miguel ocupaba o terreo actual da parroquia e Tabagón, o que hoxe ocupa a de San Xoán, que posteriormente sería separada como parroquia independente. Nesta igrexa vénrase por patrón a San Miguel Arcanxo, cuxa festa é o día 29 de setembro. No século XVI dependía dos monxes cistercienses do Mosteiro de Oia. Sufriu moitas reformas ata chegar ao seu estado actual. A máis importante na súa configuración é a do ano 1740 na que se lle fixo a fachada oeste e a torre tal como hoxe as conservamos.

Entra as súas imaxes destaca un San Miguel realizado con gran detalle, onde se pode apreciar incluso a súa cota de malla ou as pinturas que decoraban a súa armadura.

“historia do Arciprestado de A Guarda – Tebra, Diócese de Tui – Vigo”

Igrexa de San Bartolomeu de Eiras

Esta parroquia era coñecida durante a idade Media como Axeyra. Dese nome derivaría o de Eyras. No ano de 1198, Fernán Gómez fixo doazón ao Mosteiro de Oia, entre outras cousas, de todo canto tiña e lle pertencía na Igrexa de San Bartolomeu de Axeyras. Despois, o 28 de xuño de 1331, o mencionado Mosteiro permutou esta Igrexa e outras que eran do seu padroado co bispo de Tui pola de San Mamede de Pedornes.

A primitiva igrexa estaba preto do Miño e tivo que ser trasladada a este lugar debido ás continuas enchentes do río. A actual foi edificada no ano 1791, e pola súa proximidade con Portugal, conta cun estilo manuelino tardío que estaba de moda nese momento. De feito, os mestres construtores da mesma dos que temos noticia, son veciños de Portugal e A Guarda. A

obra foi encomendada a Xoán da Lomba, de A Guarda, que a comeza en 1786, pero rematouna Xosé Fernández, veciño de Gondarém. A súa entrada conta cunha posible gradicela en pedra, cegada, elemento cuxa conservación é moi escasa en Galicia. Nas súas paredes conta con claras evidencias do traslado que sufriu, con numerosos sillares reempregados nos seus muros.

Igrexa de San Xoán de Tabagón

Antes da construción desta igrexa, as xentes do lugar acudían ás igrexas de San Miguel ou de San Bartolomeu das Eiras, por iso eran coñecidos coma os mixtos de Tabagón. No século XIX, ante a grande demanda, o bispo Don Xoán García Benito, separouna de San Miguel de Tabagón nacendo así San Xoán de Tabagón. En marzo de 1826, tomou por primeira vez posesión da parroquia o párroco D. Manuel Francisco Truiteiro, e empezou daquela a bautizar, casar e enterrar na nova igrexa. O seu patrón é San Xoán Bautista, a quen lle celebran aquí a festa o 24 de xuño. Ao igual que outras igrexas parroquiais da zona limítrofe con Portugal, asume o estilo manuelino tardío. A imaxe que está na portada é a do patrón, cunha inscrición que di “S. JUAN 1849”

Capela da Madalena

Asentada nun posible castro cun dominio visual envidiable sobre o río Miño. Inmensas sobreiras a rodean. A capela está edificada directamente sobre a rocha, como se pode ver na súa parte traseira. No cumio deste monte non sería de estrañar que tamén existira unha antiga fortaleza medieval, de control do territorio, dada a singularidade do seu emprazamento e a inusual topografía do seu cumio, así como o topónimo do seu monte, Monterreal.

Igrexa de San Vicente de Marzán

Esta capela sufriría numerosas reformas ao longo da súa historia, pero a cruz na cúspide do seu tellado e os sillares reutilizados nas súas paredes, así como a ara romana localizada nela e os sepulcros próximos, fainos pensar que se trata dunha igrexa moi antiga, posiblemente anterior ao século X. A Igrexa de Marzán dependía do Mosteiro de Oia. A ara romana está adicada a Mercurio e consérvase no Museo Diocesano de Tui coa seguinte inscrición: “DEO/MER(curio)//FRO(ntonio)/EX V(oto) P(osuit)”

Sepulcros de Marzán

Na vila romano-visigótica de Marzá, a poucos metros da ermida de San Vicente, testemuña do primitivo santuario visigótico, atopamos estes dous sepulcros.

Datan dos séculos IV-V, son de signo cristián e foron labrados en rocha granítica. Sen dúbida pertenceron a un matrimonio, os patróns da ermida

Probablemente este santuario cristianizou un antigo templo pagán, pois en 1972 localizouse no interior da ermida, a modo de pía de auga bendita, unha ara romana epigráfica dedicada a Mercurio, deidade protectora de comerciantes e transeúntes. Desde 1974 esta ara consérvase no Museo Diocesano de Tui. Testemuño do antigo santuario tamén pode ser a cruz atrevoada antefixa que figura na cima da ermida.

No século XIV menciónase a San Vicente como capela e granxa (priorado) do mosteiro de Oia na que residía un prior, frade daquela orde cisterciense.

Igrexa de San Xián

San Xián é un lugar pertencente á parroquia do Rosal, que por atoparse lonxe e cunha gran montaña no medio, tiña capela con capelán para oír misa os días festivos e de precepto dedicada a San Xulián Mártir, titulado o Cazador, a quen festexan o 7 de agosto. A este santo chamábase antigamente no país San Xián e de aquí tomo o nome a presente aldea.